



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de Miguel Gómez Iglesias como Técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión neste concello.

Núm. Admvo. Expte.: 2020/X999/000064

Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000338

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 339/2021, de 22/06/2021, pola que se nomea a Noemí Braña Seijo como Técnica de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión, á proposta do Tribunal culaificador de data 16/06/2021.

Vista a documentación remitida pola interesada en data 28/06/2021 pola que renuncia ao nomeamento proposto, achegando un certificado de estar prestando servizos por conta allea como causa xustificada para manterse na mesma posición na lista de reserva, de acordo coas bases de selección.

Vista a lista de reserva aprobada, e de acordo co disposto no apartado décimo segundo das bases de selección, despois de contactar coa primeira persoa da lista de reserva, Ivón Carrodegas Rodríguez, expresa a súa renuncia ao posto, manifestando a prestación de servizos por conta allea noutra entidade.

Despois de contactar coa segunda persoa da lista de reserva, Miguel Gómez Iglesias, acepta o posto ofertado.

De conformidade co artigo 21.1.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Aceptar a renuncia de Noemí Braña Seijo ao posto de técnica de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión, por estar prestando servizos noutra entidade e mantela no mesmo posto da lista de reserva.

Segundo. Realizar o nomeamento a favor de Miguel Gómez Iglesias, con DNI núm. ***556*** como Técnico de xestión, persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, pertencente ao grupo A, Subgrupo A2, da Administración Xeral, Subescala de Xestión neste concello.

Terceiro. O prazo de duración da interinidade será por un prazo máximo de seis meses.

Cuarto. Dispor a cantidade de 14.427,67 euros á que ascende a retribución ao nomeado/a.

Quinto. O interesado ten un prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ó desta publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello para presentar no Rexistro do concello a documentación establecida na base décimo primeira.

Sexto. Unha vez presentada a documentación establecida na base décimo primeira e constatando que o interesado entregou a documentación esixida, procederase a toma de posesión nun prazo máximo de 1 mes a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

partir da publicación do nomeamento, de conformidade co artigo 60.e) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia

Sétimo. Comunicar ao Rexistro de persoal para os efectos oportunos.

Octavo. Publicar esta resolución de nomeamento na páxina web do concello (concellodelaxe.com) e no Taboleiro de Anuncios do concello, indicándolle á persoa aspirante que se no prazo indicado non presenta a documentación requirida ou non toma posesión da praza de funcionaria interina, quedará sen efecto o nomeamento realizado.

Noveno. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García